



PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2024-2025

Información para alumnado e familias

NORMATIVA REGULADORA

- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro (DOG 11/02/2022)
- Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro (DOG 8/11/2022).

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE RESERVA PARA ALUMNADO DE CENTROS ADSCRITOS

Do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro de 2024

CENTROS ADSCRITOS AO IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO

Para 1º ESO:

- CEIP Lope de Vega
- CEIP Altamar

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO CON POSTO RESERVADO

O 22 de febreiro

RENUNCIA Á PRAZA RESERVADA

Ata o 28 de febreiro (este incluído)

Nota informativa: Orden de 21 de outubro de 2022 (pax. 58254)



1º. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN

Do 1 ao 20 de marzo de 2024 (ambos incluídos).

SOLICITUDES DE ADMISIÓN

Cada alumna e alumno só pode presentar **unha única solicitude** no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que podan corresponderlle.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

Pódense cubrir as solicitudes de admisión a través da aplicación de xestión do proceso:

<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>

- **O criterio complementario de puntuación establecido polo centro:** “Media de Notable ou Sobresaínte no último curso rematado”.

DOCUMENTACIÓN

A indicada na ORDE do 21 de outubro de 2022.

ÁREAS DE INFLUENCIA

Exposición pública dos planos no taboleiro do instituto e na web do centro.



- [Ligazón ao buscador de centros educativos; áreas de influencia](#)
- [Ligazón ao mapa publicado na páxina web do centro; áreas de influencia](#)

E.S.O.

- **Área de Influencia do IES San Tomé** → 8 puntos
 - Zona 6



- **Áreas limítrofes** → 4 puntos.
 - Zona 1 (Coia-Coruxo). Inclúe as parroquias de Navia, Comesaña, Oia.
 - Zona 2 (Centro).
 - Zona 7 (Beade-Valadares). Inclúe as parroquias de Castrelos, Beade e Valadares
 - Zona 8 (Avda Madrid-Meixoeiro).
- **Áreas non limítrofes** → 0 puntos
 - Zona 3 (Teis)
 - Zona 4 (García Barbón-Travesía)
 - Zona 5 (Calvario-Cabral).

Bacharelato

- **Área de Influencia do IES San Tomé** → 8 puntos
 - Zona 2



- **Áreas limítrofes** → 4 puntos
 - Zona 1 (Coia-Coruxo).
 - Zona 3 (Beade).
 - Zona 4 (Meixoeiro)
 - Zona 8 (Castro-Centro).
- **Áreas non limítrofes** → 0 puntos
 - Zona 5 (Calvario-Cabral)
 - Zona 6 (García Barbón-Travesía)
 - Zona 7 (Teis)

RENDA FAMILIAR PER CÁPITA

Para determinar a renda familiar per cápita, primeiro súmanse a contía da base imponible xeral (**casiña 435**) e a contía da base imponible de aforro (**casiña 460**) das declaracións de renda de todos os membros da unidade familiar. A continuación, divídese o resultado entre o número de membros desta.

Os datos da base imponible xeral e os da base imponible de aforro extraeranse da declaración do **IRPF 2022**.

Para o cálculo da renda per cápita considerase que a unidade familiar está formada polos cónxuges non separados legalmente ou parellas de feito rexistradas, ademais dos fillos/as menores de idade (e fillos/as maiores de idade incapacitados, se os houbese). Nos casos de nulidade, separación ou divorcio, considerarase o proxenitor que teña a garda e custodia; se a custodia é compartida, atenderase aos que convivan no domicilio indicado na solicitude.

A situación da unidade familiar é a que corresponda á data do 1 de marzo de 2024.



SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

- **Transporte Escolar:** O IES San Tomé de Freixeiro conta cun servizo de transporte escolar gratuíto para o alumnado da ESO, regulado pola Instrución Conxunta 1/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sobre a xestión do Servizo de Transporte de Escolares no curso 2022-2023. De quedar prazas vacantes, poderán ser solicitadas polo alumnado de bacharelato unha vez iniciado o curso, no mes de setembro.

As paradas son as seguintes:

- ❖ Pizarro nº10 (Edificio da cidade da xustiza)
- ❖ Pizarro nº 32
- ❖ Travesía de Vigo nº 10
- ❖ Jenaro de la Fuente nº 22
- ❖ Martínez Garrido nº 18
- ❖ Martínez Garrido nº 80 (Á volta no nº 35)
- ❖ Martínez Garrido nº 108 (Á volta no nº 69)
- ❖ Praza Miraflores.
- ❖ Raviso nº 6
- ❖ Emilia Pardo Bazán nº 109 (Á volta no nº 104)
- ❖ Emilia Pardo Bazán nº 43 (Á volta no nº 82)
- ❖ Emilia Pardo Bazán nº 21 (Á volta no nº 54)
- ❖ Gran Vía nº 35
- ❖ Gran Vía nº 7 (Hotel)
- ❖ Urzáiz nº 60 (Parada de Vitrasa; diante do convento)
- ❖ Praza Santa Rita (Diante da igrexa)
- ❖ Praza de España. (Ida: entre rúas Fernando Conde e Manuel Olivié / Volta: entre rúas Puerto Rico e Pizarro)
- ❖ Gregorio Espino (Edificio das palmeiras)

IMPORTANTE: Tal e como se recolle no artigo 4 da Orde do 21 de outubro de 2022, o alumnado que solicite e obteña praza nun centro escolar que non estea na área de influencia que lle corresponda (domicilio familiar ou lugar de traballo das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras) non terá dereito ao transporte escolar. Excepcionalmente, terán dereito a estes servizos as irmás e os irmáns do alumnado xa escolarizado no centro.



CALENDARIO.

- Presentación da solicitude da admisión:
 - Período ordinario: do 1 a 20 de marzo.
 - Fóra de prazo: A partires do 21 de marzo
 - Período extraordinario: A partires do 1 de setembro.
- Publicación listaxe números aleatorios: 21 marzo.
- Datas de **publicación das listaxes provisionais** de admitidos e non admitidos: 25 de abril.
- **Prazo de reclamación** contra as listaxes provisionais: 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á data de publicación (do 26 de abril ata o día 3 de maio). Estas reclamacións entenderanse estimadas ou desestimadas coa publicación da listaxe definitiva.
- Datas de **publicación das listaxes definitivas** de persoas admitidas e non admitidas: 15 de maio.

PRAZOS DE FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

Do 24 de xuño ao 7 de xullo de 2023.

APLICACIÓN admisionalumnado

O alumnado e as familias poderán consultar nesta aplicación:

- a) O cronograma coas datas dos trámites principais do procedemento de reserva, admisión ordinaria e matrícula.
- b) A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.
- c) A relación do alumnado de cada curso, co número da solicitude de admisión asignado pola aplicación admisionalumnado no momento da súa gravación.
- d) O estado de tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.
- e) A listaxe do alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido, utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

IMPORTANTE:

- Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza adxudicada.
- **A admisión e a matriculación no IES San Tomé de Freixeiro implicará respectar o proxecto educativo do centro**